

REGULAMENTO

1ª CARREIRA POPULAR

CONCELLO DE FISTERRA 2014

SABADO 25 OUTUBRO

**I CIRCUITO DE CARREIRA POPULARES
CORRENDO POLA COSTA DA MORTE**

ORGANIZAN:

COLABORAN:





1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA

2014

www.concellodefisterra.es



CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS PREVISTOS DAS CARREIRAS

CATEGORÍA	IDADES	DISTANCIA	HORARIO DE SAÍDA
PITUFO	2007/2010	350 METROS	12:45 H
BENXAMÍN	2005/2006	1.330 METROS	12:25 H
ALEVÍN	2003/2004	1.330 METROS	12:25 H
INFANTIL	2001/2002	2.670 METROS	9:30 H
CADETE	1999/2000	2.670 METROS	9:30 H
XUVENIL	1997/1998	5.000 METROS	10:15 H
SENIOR 5K	APARTIR DE 1996 (INCLUIDO)	5.000 METROS	10:15 H
SENIOR 10K	1996 ATA VETERANOS	9,100 METROS	11:00 H
VETERANOS M40	DE 40 A 49 ANOS	9,100 METROS	11:00 H
VETERANOS M50	DE 50 ANOS OU MAIS	9,100 METROS	11:00 H

- Os horarios das carreiras poderán sufrir modificacións que serán notificadas coa antelación suficiente.
- Cada atleta das categorías Veterano M40- M50 competirá na que lle corresponda por idade cumprida no comezo da carreira.



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014



www.concellodefisterra.es
PERCORRIDOS

Todos os circuitos transcurren polo núcleo urbano de Fisterra.

CARREIRA 1:INFANTIL, CADETE (2,670 METROS)



DESCRIPCIÓN:completar unha volta ao “ CIRCUITO”. Saída diante do pavillón Municipal e dar unha volta pola inmediacións.




1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014



www.concellodefisterra.es

CARREIRA 2: XUVENIL, SENIOR (5,000 METROS)



DESCRIPCIÓN:completar unha volta ao “ CIRCUITO”. Saída diante do pavillón Municipal e dar unha volta pola inmediacións pasando polo paseo marítimo da praia de mar fora.



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA

2014

www.concellodefisterra.es



CARREIRA 4: BENXAMÍN, ALEVÍN (1,330 METROS)



DESCRIPCIÓN:completar unha volta ao “ CIRCUITO”. Saída diante do pavillón Municipal e dar unha volta pola inmediacións ata voltar o pavillón.



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014

www.concellodefisterra.es



CARREIRA 5: PITUFOS (0,330 METROS)



DESCRIPCIÓN:completar unha volta ao “ CIRCUITO”. Saída diante do pavillón Municipal e dar unha voltña reducida



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014



www.concellodefisterra.es
NORMATIVA XERAL

1. A **1ª Carreira Pedestre Concello de Fisterra 2014** rexerese pola regulamentación de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (*Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes*).

2. A proba estará subscrita aos **seguros de responsabilidade civil** do Concello de Fisterra e da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.

3. A proba contará cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico se a proba non supera os 750 participantes.

4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razón de seguridade.

5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.

6. Os atletas que durante o transcurso da proba circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, consideraranse a todos os efectos usuarios normais da vía.

7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non estará amparada polos seguros da proba nin poderá participar de trofeos e obsequios.

8. As diferentes probas estarán controladas polo **Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo**.

9. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do regulamento xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da Federación Galega de Atletismo, RFEA e IAAF en vigor.

10. A organización da proba porá a disposición dos participantes (*previa identificación e acreditación*):

- O complexo deportivo do Pavillón Municipal de Fisterra para que os participantes se podan cambiar e duchar.

- **Servizo de garda roupa** para os participantes da proba que estará ubicado no Pavillón Municipal de Fisterra.



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014



www.concellodefisterra.es

• **Servizo de fisioterapia**, en colaboración co Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, para aqueles atletas que o precisen. Carpa que estará ubicada nas inmediacións do Pavillón Municipal.

11. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización.

12. Descualificacións:

-O servizo médico da proba está facultado para retirar durante a carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.

- Todo atleta que non realice o percorrido completo que lle corresponda.

- Todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.

13. As carreiras de 5K e 10K estarán sinaladas cada quilómetro.

14. Na carreira de 10K habilitarase, no punto 4.700 m., un avituallamento líquido. Nas demais carreiras habilitarase o avituallamento especial de meta.

15. Xunto co dorsal e o chip farase entrega da camiseta conmemorativa aos participantes adultos.

DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os **deportistas menores de idade** deberá ir acompañada dunha **autorización paterna** segundo o modelo establecido pola organización (*ver anexo I*).

Dito modelo poderase descargar das páxinas web seguintes: www.concellofisterra.es e/ou www.championchipnorte.com

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se exponen:

- O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.

– Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atención especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.

—



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014



www.concellodefisterra.es

- O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación, internet,... para a promoción do deporte. Do mesmo xeito calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS

Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip (*que deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas*).

Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías **agás pitufo** (*os chips serán facilitados pola organización*).

Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (*facilitados pola organización*).

O atleta que non porte chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuíto.

O atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.

Tanto os dorsais coma os chips (no caso de non posuílos) poderanse recoller nas mesas habilitadas para tal fin no Pavillón Municipal (zona de saída e meta) a partir das 08:00 horas e ata 30 minutos antes do inicio de cada carreira.

Os **corredores de circuíto** que participan na liga deberán usar obrigatoriamente o “**chip amarelo**”. Asemade empregarán un **único dorsal** para todas as probas do circuíto.

- Tanto o dorsal coma o chip (*no caso de no posuílo*) recollerase na primeira proba do circuíto na que participe. A retirada de dorsal e chip deberase realizar como mínimo con 30 minutos de antelación ao inicio de cada carreira e dende as 08:00 horas.

- No caso de perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina web www.championchipnorte.com



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA

2014

www.concellodefisterra.es



- No caso da perda ou rotura do dorsal poderá solicitar outro á organización. Non haberá posibilidade de solicitar un terceiro dorsal.

Os **corredores de carreira** e os **corredores de categorías de base (inferiores)** usarán “**chip de carreira**” que deberán devolver á organización ao remate da mesma.

Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas sancionárase coa expulsión do circuito do portador e do atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no mesmo.

INSCRICIÓNS

INSCRICIÓNS DE CATEGORÍAS BASE (gratuítas)

As categorías base son: pitufo, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

A continuación preséntanse as opcións para proceder á inscrición nas diferentes categorías base:

- Inscricións categoría PITUFO.

Opción nº 1

Enviando un e-mail a deportes@concellofisterra.es coa autorización paterna cuberta e asinada.

O día da proba á hora de recoller o dorsal será preciso presentar dita autorización impresa e asinada.

Opción nº 2

Presentando a **autorización paterna asinada** no Servizo de Deportes Municipal de Fisterra.

- Inscricións categorías BENXAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL, CADETE e XUVENIL.

Opción nº 1

A través da páxina web www.championchipnorte.com

A **autorización paterna** (nesta páxina poderase descargar) será preciso presentala debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais e chips o día da proba.



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014



www.concellodefisterra.es

Opción nº 2

Presentando a **autorización paterna** (na páxina web do Concello www.concellofisterra.es poderase descargar) no Servizo de Deportes Municipal de Fisterra.

INSCRICIÓNS PARA CATEGORÍA SÉNIOR E VETERANOS

As inscricións para os atletas de categorías sénior e veteranos realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com

Máis información referida as características dos: “corredores de circuito”, “corredores de carreira”, “clasificación por equipos”, etc; Enviar un e-mail a deportes@concellofisterra.es e facilitarase o regulamento xeral do circuito de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte 2014” onde se detallan todas estas cuestións.

COTAS DE INSCRICIÓN

A inscrición para as **categorías base será gratuíta** (de pitufo a xuvenil).

A **inscrición para os adultos (sénior e veteranos)** para unha proba concreta e independente terá un custo de 5 € para aqueles corredores que teñan en propiedade o chip, e de **6 € para aqueles que deban alugalo**.

A **inscrición para os adultos (sénior e veteranos) para o circuito** terá un custo de 20 € para aqueles corredores que teñan en propiedade o chip, e de **30 € (20 € de inscrición+10 € compra do “chip amarelo”)** para os que teñan de comprar o chip. Este chip amarelo será válido para participar en calquera proba cronometrada por Championchip.

PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición rematará o mércores 21 de outubro ás 23:59 horas.



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014



www.concellodefisterra.es

CLASIFICACIÓNS, TROFEOS/MEDALLAS

CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS DE BASE

En categoría **pitufo** recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba segundo vaian chegando á meta. **NON SUBIRÁN AO PODIO.**

En categoría **benxamín** e **alevín** recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba segundo vaian chegando á meta. **SÓ SUBIRÁN AO PODIO OS TRES PRIMEIROS CLASIFICADOS EN CADA CATEGORÍA.**

En categoría **infantil**, **cadete** e **xuvenil** recibirán trofeo e **SUBIRÁN AO PODIO OS TRES PRIMEIROS/AS CLASIFICADOS/AS EN CADA UNHA DAS CATEGORÍAS.**

CLASIFICACIÓNS DA PROBA 5K

Optan a esta clasificación todos os/as atletas inscritos na proba 5K.

Recibirán trofeo e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os tres primeiros/as que entren na meta).

CLASIFICACIÓNS DA PROBA 10K

Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.

Recibirán trofeo e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os tres primeiros/as que entren na meta).

Recibirán trofeo e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados en cada unha das categorías (sénior, M40 e M50).

Recibirán trofeo o primeiro e primeira clasificado/a empadroad/a do Concello DE Fisterra.



1ª CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FISTERRA 2014



www.concellodefisterra.es

Máis información referida á clasificación do circuito, por equipos, etc.; Enviar un e-mail a deportes@concellofisterra.es facilitarase o regulamento xeral do circuito de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte 2014” onde se detallan todas estas cuestións.

CERIMONIA DE ENTREGA DE TROFEOS

Unha vez rematada a última proba, que será a de pitufos (saída fixada para ás 12:45 horas), procederase ao acto de **entrega de trofeos que está previsto que dé comezo ás 13:05 horas** nun palco ubicado nas inmediacións do Pavillón Muniacipal (*próxi mo á zona de saída e meta*).

PERMISO PATERNO I CARREIRA POPULAR DO CONCELLO DE FISTERRA

APELIDOS			
NOME			
DATA NACEMENTO (DIA-MES-ANO)			
D.N.I (Só os que o teñan)			
ENDEREZO			
CODIGO POSTAL E POBOACIÓN			
CENTRO DE ENSINO			
TELÉFONO		* XÉNERO MASCULINO	
		* XÉNERO FEMININO	

*NOTA: Sinalar cunha X o que corresponda

Non se admitirán inscricións sen algún destes datos e sen presentar físicamente á hora de recollida do dorsal.

Autorización Pai/nai/tutor)	
NOME	
Nº DNI	
SINATURA	

